

AS FERRAMENTAS *idea*

The logo for 'idea' is displayed in a lowercase, sans-serif font. The letters 'i', 'd', and 'e' are white, while the 'a' is a solid green. Behind the text is a stylized map of Galicia, with the northern part in light green and the southern part in a darker teal. The entire logo is contained within a circular graphic that looks like a white sticker being peeled away from a surface.

idea

Proceso de participación pública do PXOM
das Pontes de García Rodríguez

Actas Obradoiros

Área de influencia: O Chamoselo; Os Chaos; Cal de Avelaíña; A Cuíña; O Narón; A Mourela; Casanova; Loureiros; Campo da Cova.

Obradoiro 01

Luns 18 febreiro 2014, 19h . Mercado Vello

> Técnicos ideaAspontes

- Ismael Blanco
- Martín Vázquez
- María Ríos
- Alejandro Fernández

> Participantes (19 participantes: 4 mulleres, 15 homes)

Mesa 1

- 1 muller de 84 anos.
- 4 homes, de 50, 60, 61 e 64 anos.

Mesa 2

- 4 homes, de 39, 40, 57 e 77 anos.

Mesa 3

- 2 mulleres, de 35 e 70 anos.
- 3 homes, de 52, 53, 61 e 63 anos.

Mesa 4

- 1 muller de 29 anos.
- 3 homes, de 44, 48 e 65 anos.

> PRESENTACIÓN E PREMISAS

O equipo técnico da a benvinda e procede a explicar o funcionamento das sesións.

Realízase unha descrición das sesións recalcando que se está nunha mesa de traballo e poñendo en valor o tempo da súa participación e colaboración. Faise fincapé na importancia de crear un bo ambiente de traballo, de xeito que todo o mundo poida expresarse libremente.

Déixanse claras as mecánicas de participación.



> INTRODUCCIÓN

[en plenario]

- Definición do PXOM.
- Sinálase a FASE ACTUAL DE REDACCIÓN. Se ten realizado unha diagnose, que posteriormente foi revisada na Concellería de Medio Ambiente, para pasar a emitir un informe (folla de ruta). Nese momento estabamos no proceso de redacción do DOCUMENTO NORMATIVO, que estuda polo miúdo cada barrio, cada sistema, etc.
- Revisar brevemente os primeiros pasos dados no momento de realizar a diagnose.
 - Poboación en relación coa comarca.
 - Poboación en relación ás cabeceiras comarcais.
 - Vivendas cada 1000 habitantes.
 - Revisión do planeamento vixente, do 1985; analízase o crecemento do concello dende entón.
 - Transcrición do planeamento.



> DEBATE EN GRUPOS

Os participantes agrúpanse en 4 mesas de traballo, co obxectivo de obter unha representatividade por idade, lugar de residencia, xénero e formación en cada unha.

Durante o traballo en grupos trabállanse, en contraposición ós análises realizados en anteriores Obradoiros, os sentimentos de identidade e pertenza a catro grandes barrios :

- A zona da Mourela, A Casanova e As Cortes.
- O entorno do Chamoselo.

- O conxunto formado polos Chaos, A Cuiña, Cal de Avelaiña, A Costa, Tras do Rego e O Narón.
- Os Loureiros, o Painceiro e o Campo da Cova.

En xeral, dentro de todo o ámbito de traballo, destácanse os principais espazos de interese e referencia:

- O camiño que sae da Cuiña cara o pantano, camiño real.
- O camiño da Carballeira que sube cara o leste.
- O Lavadoiro (Rego do Allón).

EQUIPAMENTOS e ZONAS VERDES

Ábrese o debate:

Explícase qué se entende por equipamentos e dotacións, zonas verdes e espazos de lecer.

Cada grupo sinala no plano aqueles equipamentos que identifica no seu barrio ou zona de referencia.

Escriben e marcan as súas percepcións en canto a necesidade de novos equipamentos e zonas verdes, o exceso dos memos, a súa ubicación, etc.

Sobre os ámbitos que actualmente se entenden como equipamentos e zonas verdes :

- Valóranse como espazos de referencia o Local Social de Cal de Avelaiña, aínda que alleo á zona dos Chaos e da Cuiña.
- Remárcase a falta de uso e o abandono da pista deportiva dos Chaos, pola inadecuada urbanización e dificultade de acceso; por outra banda valórase positivamente a súa situación de centralidade no ámbito.

As necesidades/propostas de novos equipamentos:

Exprésase a necesidade de mellorar o estado dos equipamentos existentes na zona dos Chaos - Cal de Avelaiña - A Cuiña, así como reforzar a oferta existente.

Maniféstase a importancia dunha posición central destas novas pezas, co obxectivo de que todo o ámbito poida participar delas.

No caso concreto da Mourela, a veciñanza participa dos equipamentos da vila.

Varios grupos coinciden en sinalar unha parcela actualmente non edificada, como espazo de oportunidade. Sitúase entre a rúa da Balsa, a Avenida de Lugo, e o río Chamoselo.

En xeral a demanda de equipamentos asimíllase con actividades de lecer e espazo público:

- Creación dun paseo ó longo da ribeira, asociado a unha zona de lecer.
- Pequenos equipamentos deportivos para a terceira idade (parques biosaudables).
- Parque infantil.
- Zona deportiva.
- Punto de encontro dentro do barrio.
- Local social da Cuiña.

REDE VIARIA

Céntrase a discusión sobre dúas temáticas principais; dunha banda, sobre a rede de conexións e a xerarquía viaria; e por outra o estado da urbanización existente e as características que o viario da zona debería ter para unha mellor adecuación ás necesidades da veciñanza.

- Mellora de conexións:
 - A conexión pola ribeira, en paralelo ó río, e tamén a mellora das conexións entre ambas beiras.

- Necesidade dalgunha ponte que mellore as conexións coa zona dos poboados da Fraga e/ou do Barreiro.
- A conexión coa Cuiña.
- Conexión entre a zona baixa da Mourela e a zona oeste do Chamoselo.
- Necesidade de estudar a continuidade das rúas abertas na zona da Costa (rúas doce, trece, etc.)
- Estudar a mellora da conectividade a ambos lados da rúa do Rego do Campo
- Busca de conexión entre a Lerma e A Mourela.
- Conexión da zona de Cal de Avelaíña a dos Chaos de arriba.
- Mellora e adecuación da urbanización:
 - Recuperación de camiños cara o encoro da Ribeira, a Casanova, etc.
 - Recuperación do camiño real dende Campo da Cova ao Paraño, así como do camiño de San Ramón.
 - Falta de seguridade viaria na zona da Balsa, máis concretamente no cruce (rotonda dos Patos).
 - Adecuación da rúa da Mourela como vía urbana.
 - Adecuación da estrada da Cuiña.
 - Problemas de sección entre a rúa Chamoselo e a Avenida de Lugo.
 - Reorganización do tráfico, ou variación da sección de rúa, na zona de Cal de Avelaíña, xa que os vehículos circulan a gran velocidade para este tipo de vía.
 - Boas condicións da estrada da Cuiña, aínda que se inunda con facilidade polos regos que baixan dos Chaos de arriba.

En xeral, coméntase a necesidade de adecuación das vías ás necesidades de zonas residenciais de baixa densidade, e a recuperación de camiños de conexión co territorio e coa zona rural.

TECIDO RESIDENCIAL

Remarcarse o sentir xeral dos participantes de residir na súa zona de referencia dentro do concello.

- Parcelario moi estreito entre os Chaos e a Cuiña.
- Demándase construción de primeiras vivendas.
- A veciñanza é consciente da ilegalidade das edificacións existentes.
- En xeral, a tipoloxía de vivenda é de PB+1; moi pouca vivenda de construción tradicional, polo que a opción da restauración e pouco valorada.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

En xeral, as necesidades de saneamento e abastecemento están cubertas.

En canto ó alumeadado público, detéctase como problemática a franxa horario deste servizo, posto que ás noites apáganse 2 de cada 3 farois, que ocasiona que parte da poboación (en maior número a poboación feminina) teña que saír con lanternas pola percepción de inseguridade.

Demándase o soterramento dos servizos urbanos.

> EXPOSICIÓN DO TRABALLO EN GRUPOS E CONCLUSIÓN



[en plenario]

Presentación por parte dos voceiros de cada un dos grupos, das problemáticas detectadas, e contraste das súas aportacións coas dos grupos restantes. As súas conclusións quedan escritas nun panel e sobre as mesmas dinamízase un diálogo e realízanse apuntes de posibles solucións, que serán concretadas na seguinte sesión do obradoiro.

1. Cada un dos grupos expón o seu traballo sobre cada un dos distintos bloques temáticos tratados. O obxectivo desta actividade é discutir e "pechar" cada un dos bloques.

Expóñense:

- As conclusións de todos os grupos de traballo.
- A análise do equipo redactor durante a realización do Documento de Inicio.
- A realidade urbanística.

2. A exposición en plenario das diferentes impresións de cada grupo permite realizar unha análise das diferenzas entre os distintos grupos.

Como preguntas a resolver na segunda sesión de traballo:

- Que conclusións podemos sacar de esas diferenzas?
- Que ferramentas podemos usar para cambialo?

Área de influencia: O Chamoselo; Os Chaos; Cal de Avelaiña; A Cuíña; O Narón; A Mourela; Casanova; Loureiros; Campo da Cova.

Obradoiro 02

Mércores 12 de marzo do 2014, 18.30h . Casa Dopeso

> Técnicos ideaAspontes

- Ismael Blanco
- María Ríos
- Martín Vázquez

> Participantes (12 participantes: 3 mulleres, 9 homes)

Mesa 1

- 1 muller de 70 anos.
- 3 homes, de 50, 64 e 77 anos.

Mesa 2

- 2 mulleres, de 29 e 35 anos.
- 6 homes, de 39, 40, 44, 48, 57 y 65 anos.

> PRESENTACIÓN

O equipo técnico de ideaAsPontes procede á lectura da acta da sesión anterior ó tempo que expoñen e explican á representación gráfica sobre a cartografía do ámbito das conclusións acadadas na sesión anterior, agrupadas en seis grandes temas:

- Mobilidade.
- Espazo público.
- Equipamentos.
- Servizos urbanos.
- Patrimonio.
- Tecido residencial.

MOBILIDADE

- MELLORAS DE ACCESIBILIDADE
- NOVAS CONEXIÓNS

NOVAS PORTAS DE ACCESO

ESPAZO PÚBLICO

- MELLORA DA URBANIZACIÓN
- ESPAZOS DE OPORTUNIDADE
- CONEXIÓNS E MELLORA AMBIENTAL

EQUIPAMENTOS

- MELLORA DAS EDIFICIÓNS.

SERVIZOS URBANOS

- MELLORA DOS SERVIZOS URBANOS
 - * SANEAMENTO
 - * ALUMINADO PÚBLICO
 - * NECESIDADE DE GOBERNAMENTO DE SERVIZOS URBANOS

PATRIMONIO CULTURAL

PERCORRIDO/CAMIÑO REAL


ELEMENTO

TECIDO RESIDENCIAL

NECESIDADE DE VIVENDA

PEQUENO TAMAÑO DAS PARCELAS

VALORACIÓN DAS MELLORES ZONAS PARA A EDIFICACIÓN




As persoas participantes revisan, comentan e valoran o traballo realizado. Apórtanse as correccións necesarias.

> TRABALLO EN GRUPOS E DINÁMICA

A continuación, fórmanse dous grupos de traballo, sempre co criterio de proximidade territorial das persoas participantes, que pasan a traballar dun xeito máis específico sobre a área concreta.

Trabállase a continuación cuestións relativas ao tecido residencial, a mobilidade e máis ao espazo público.

En primeiro lugar se amosan debuxos que representan diferentes tipoloxías de vivenda e de posibilidades de deseño de viario, que as persoas participantes valoran, para seguidamente indicar no plano, onde situaría cada unha das tipoloxías de vivenda e os tipos de viario axeitados para cada zona.



TIPOLOXÍA EDIFICATORIA

- Vivenda unifamiliar illada.

Foi a tipoloxía máis valorada na zona dos Chaos, na Cuiña e no Narón, valorando positivamente a maior cantidade de espazo libre privado, a tranquilidade, e a privacidade que proporciona.

Apúntase nalgún grupo a sensación de inseguridade que provoca a tipoloxía de residencia illada.

- Sitúanse no entorno dos Chaos, da Cuiña, e do Narón.

- Vivenda unifamiliar en rueiro.

Esta tipoloxía valórase positivamente entre os residentes da zona do Chamoselo, pola sensación de seguridade, a vantaxe dun pequeno xardín privado, e a maior eficiencia construtiva.

No grupo de traballo dos Chaos, da Cuiña e do Narón, esta opción tipolóxica valórase de xeito negativo por falta de espazo, privacidade e tranquilidade.


- Sitúanse na zona norte da rúa da Balsa e entre a Mourela e a vía Romana.

- Bloque plurifamiliar.

A comodidade, a cantidade de servizos e a súa valoración como a opción mais económica, son os aspectos que se valoran positivamente pola veciñanza do ámbito do Chamoselo.

Entre o grupo do Narón, da Cuiña e dos Chaos, non se ve axeitada esta tipoloxía.

- A situación elixida para os bloques é na zona sur da rúa da Balsa.



MOBILIDADE E VIARIO

- Avenida arborada

En xeral, esta opción valórase positivamente para rúas anchas e avenidas, pola súa amplitude, e pola diferenciación de tráfico e vexetación.

- Rúa con beirarrúas estreitas

Valórase moi negativamente, pola falta de espazo para o peón, falta de mobiliario urbano, falta de vexetación e de carrís diferenciados para ciclistas.

- Rúa con beirarrúas vexetadas

Acada a valoración mais positiva dada polas persoas participantes, pola súa apertura espacial, pola diferenciación de tráfico e por ser unha boa solución para rúas non moi anchas.

En xeral, se considera que as rúas de As Pontes son estreitas.

- Camiño de terra

Axeitado para camiños peonís, zona de paseo. En xeral aconséllase para a zona da ribeira do Eume.